

2 DE MARZO

[Auditorio de Galicia]

FILOMENA MARTURANO

de Eduardo de Filippo

VERSIÓN **Juan José de Arteche**
ESCENOGRAFÍA **Emilio Burgos**
VESTIARIO **Javier Artiñano**
ILUMINACIÓN **Juan Gómez-Cornejo (A.A.I.)** DIRECCIÓN **Ángel Fernández Montesinos**
CON **Concha Velasco, Héctor Colomé, Emiliano Redondo, Teresa Cortés, Mario Fernández Tardón, Olivia Martín, María Felices, Vicente Camacho, Alejandro Navamuel, Rafael Esteban, Raul Sanz**



En *Filomena Marturano* atopamos elementos do melodrama, tipos humanos nun ambiente tenro, entrañábel e familiar. Conta a historia dunha ex-prostituta, mantida por Domenico quen despois de vinte e cinco anos de relación decide casar cunha rapaza nova, pero non conta con Filomena que se converte no sutil instrumento dun histórico desquite da muller contra o home.

Resumindo; Filomena, é unha divertida e emocionante reflexión sobre o matrimonio e a maternidade. A protagonista non reivindica para ela o dereito de posuír os seus propios fillos, senón o dereito deles a pertencer a unha familia.

11 / 12 DE ABRIL

[Auditorio de Galicia]

COMPAÑÍA ARRIERITOS 13 ROSAS

CREACIÓN E DIRECCIÓN MUSICAL **Héctor González** DESEÑO DE ILUMINACIÓN **Tomás Pérez** COORDINACIÓN COREOGRÁFICA **Cía. Arrieritos** VESTIARIO **Ana Garay** DESEÑO DE ESPAZO ESCÉNICO **Florencio Campo** FOTOGRAFÍA **Pedro Arnay** VÍDEO **David Picazo** DESEÑO GRÁFICO **Gara Koan** ENXEÑEIRO TÉCNICO DE SON **Patrick Guishlan, Héctor González** IDEA ORIXINAL **Elena Santonja, Patricia Torrero** GUIÓN E DIRECCIÓN: **Florencio Campo -David Picazo**
COS INTÉRPRETES **Mara Rey, Ascensión Angulo, Antonia Jiménez, Pepa Molina, Ana Romero, Elsa Rovayo, Esperanza de la Vega, Lourdes Más, Tomy Ojeda, Patricia Torrero, Tacha González, Elena Santonja, Sonia González, Mar López, Andrea Quintana, Patricia Ruz, Héctor González**

Unha homenaxe para todas as vítimas inocentes da Guerra Civil e de tantas guerras e tantas situacións nas que o ser humano é aniquilado sen xustificación algunha.

Na madrugada do 5 de agosto de 1939, máis de sesenta rapaces foron fusilados contra as tapias do madrileño cemiterio do este. Foron culpados dun atentado contra un comandante da Garda Civil, pero o seu único delito fora pertencer ás xuventudes socialistas unificadas. Entre os fusilados había trece mulleres.

Este é o feito, para nós é importante que nesta obra se mostre toda a humanidade que se respira neste tipo de situacións: a solidariedade entre as xen-

tes abocadas a un destino final compartido; as armas para saír dese estado de represión e a loita; a loita antes de entrar no cárcere; a loita por non sucumbir ante un torturador; a loita para non decaer no día a día; a loita por sobrevivir e por manter a dignidade.

A compañía Arrieritos, conta nesta ocasión, coa colaboración de trece creadoras que nos axudan a transitar polas emocións, os medos, as incertezas, as carencias e os afectos cos que conviviron as protagonistas desta terríbel historia.

Desexamos que esta obra contribúa a que os seus nomes non se borren da historia.



13 / 14 DE XUÑO

[Teatro Principal]

O GUÍA DO HERMITAGE

de Herbert Morote

CON **Federico Lupi, Ana Labor-deta, Manuel Callau** DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA **José Luis Raymond** DESEÑO DE VESTIARIO **Ikerne Giménez** DESEÑO DE ILUMINACIÓN **Juan Gómez-Cornejo** MÚSICA ORIXINAL **Yann Díez Doizy** DIRECCIÓN **Jorge Eines**

Antes de que os alemáns completasen o cerco de Leningrado, o goberno soviético logrou enviar aos Urais todas as obras de arte do Museo do Hermitage.

Un guía dese museo vello e enfermo decidiu continuar as visitas guiadas e explicar os cadros que non estaban con tal paixón e destreza que os visitantes acababan por velos, aprecialos e comentalos.

12 / 13 DE SETEMBRO

[Auditorio de Galicia]

TEATRO NACIONAL DE SÃO JOÃO

TURISMO INFINITO

de António M. Feijó

A PARTIR DE TEXTOS DE **Fernando Pessoa** E TRES CARTAS DE **Ofélia Queirós**
ESCENOGRAFÍA **Manuel Aires Mateus** VESTIARIO **Bernardo Monteiro**
DESEÑO DE ILUMINACIÓN **Nuno Meira** SON **Francisco Leal** VOZ E NARRACIÓN **João Henriques** DIRECCIÓN **Ricardo Pais** COA COLABORACIÓN DE **Nuno M Cardoso** CON **João Reis, Emília Silvestre, Pedro Almendra, José Eduardo Silva** E **Luís Araújo**

Na escena figura unha mente particular, a de Fernando Pessoa. Temos o privilexio de estar presentes, ouvimos e vemos unha sucesión de voces e personaxes, organizada en bloques de textos.

UN PRIMEIRO BLOQUE pertence a Bernardo Soares e Álvaro de Campos. O rexistrador da rúa dos Douradores en Lisboa, Soares é Pessoa por defecto, un interrupto desconcerto, Campos, enxeñeiro naval, é Pessoa por exceso, a exuberancia que non se permitiu ter para si mesmo (é tamén un censor salvaxe de si mesmo e dos outros).

Segue unha transición cunha carta da chepuda ao cerralleiro, na que a autora

describe a soas un tipo particular de pobreza.

NO SEGUNDO LONGO BLOQUE os autores son Álvaro de Campos e "Fernando Pessoa". Os textos describen experiencias divididas (no caso de "Pessoa", aquí na súa fase chamada *interseccionista*, dúas experiencias diferentes crúzanse no mesmo texto, unha paisaxe e un porto de mar, por exemplo; no caso de Campos, perfílanse poemas sobre viaxes e sobre a experiencia do viaxante).

Unha transición xungue a autobiografía e a creación poética.

A correspondencia entre Pessoa/Ofélia Queirós exemplifícase.

O TERCEIRO BLOQUE exhibe o resultado sádico dos impases descritos nos textos anteriores como diversas tentativas de reparalos. Ese esforzo de reparación parece ineficaz, pois moitas veces redunda nunha contracción sentimental do suxeito.

O EPÍLOGO introduce a Alberto Caeiro, en quen Pessoa vía a resolución olímpica desas tensións interiores insalváveis. Esta resolución é, aínda, momentánea, sendo, en efecto, un epitafio.



28 / 29 DE NOVEMBRO

[Auditorio de Galicia]

COPRODUCCIÓN CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL E TEATRO DE LA ABADÍA

LA PAZ PERPETUA

de Juan Mayorga

ESCENOGRAFÍA **José Luis Gómez** EN COLABORACIÓN CON **Silvia de Marta**. VESTIARIO **Alejandro Andújar** ILUMINACIÓN **José Manuel Guerra** PROYECCIONS **Álvaro Luna** DIRECCIÓN **José Luis Gómez** CON **José Luis Alcobendas, Julio Cortázar, Israel Elejalde, Mercedes Sampietro, Fernando Sansegundo**

Nun lugar secreto, un rottweiler, un doberman e un pastor alemán compiten para acadar o cobizado colar branco e con el a distinción de can antiterrorista de elite, "unha profesión con moito futuro". A través de sucesivas probas ás que son sometidos, transcende un dos máis estimulantes dilemas éticos da vida política e social de hoxe. Nova aterradora metáfora do reino animal, tras *Últimas palabras de Copito de Nieve* e *La tortuga de Darwin* de Juan Mayorga e o kafkiano *Informe para una Academia* de José Luis Gómez.

Odín: "El que quiere pegarte huele distinto que el que te va a acariciar."

TEATRO PRINCIPAL
AUDITORIO DE GALICIA | 21.00

FILOMENA MARTURANO
13 ROSAS
O GUÍA DO HERMITAGE
TURISMO INFINITO
LA PAZ PERPETUA

+ TEATRO
DANZA
EN XIRA 2008

FUNDACION CAIXA GALICIA

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura

2008

TEATRO + DANZA
EN XIRA

2 DE MARZO

[Auditorio de Galicia]

FILOMENA MARTURANO

DE Eduardo de Filippo VERSIÓN Juan José de Arteche
DIRECCIÓN Ángel Fernández Montesinos CON Concha Velasco,
Héctor Colomé, Emiliano Redondo, Teresa Cortés, Mario Fernández
Tardón, Olivia Martín, María Felices, Vicente Camacho, Alejandro
Navamuel, Rafael Esteban, Raul Sanz



11 / 12 DE ABRIL

[Auditorio de Galicia]

COMPAÑÍA ARRIERITOS 13 ROSAS

IDEA ORIXINAL Elena Santonja, Patricia Torrero
GUIÓN E DIRECCIÓN Florencio Campo -David Picazo
CON Mara Rey, Ascensión Angulo, Antonia Jiménez,
Pepa Molina, Ana Romero, Elsa Rovayo, Esperanza
de la Vega, Lourdes Mäs, Tomy Ojeda, Patricia Torrero,
Tacha González, Elena Santonja, Sonia González, Mar
López, Andrea Quintana, Patricia Ruz, Héctor González




13 / 14 DE XUÑO

[Teatro Principal]

O GUÍA DO HERMITAGE

DE Herbert Morote CON Federico Lupi,
Ana Labordeta, Manuel Callau
DIRECCIÓN Jorge Eines



12 / 13 DE SETEMBRO

[Auditorio de Galicia]

TEATRO NACIONAL DE SÃO JOÃO TURISMO INFINITO

DE António M. Feijó A PARTIR DE TEXTOS DE Fernando Pessoa
E TRES CARTAS DE Ofélia Queirós DIRECCIÓN Ricardo Pais
CON João Reis, Emília Silvestre, Pedro Almendra,
José Eduardo Silva e Luís Araújo



28 / 29 DE NOVEMBRO

[Auditorio de Galicia]

COPRODUCCIÓN CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL
E TEATRO DE LA ABADÍA

LA PAZ PERPETUA

DE Juan Mayorga DIRECCIÓN José Luis Gómez
CON José Luis Alcobendas, Julio Cortázar, Israel Elejalde,
Mercedes Sampietro, Fernando Sansegundo



Venda de entradas



e o mesmo día do espectáculo nos despachos de
billetes do Teatro Principal e do Auditorio
de Galicia de 12:30 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Recollida de entradas ata media hora
antes da función

Prezos no Teatro Principal:
Butaca, platea e primeira planta: 12 euros
segunda planta: 8 euros / anfiteatro: 6 euros

Prezos no Auditorio de Galicia:
Entrada única 12 euros / Desconto do 50%
para estudantes, xubilados e Carné Xove